

Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

Data:

18-02-2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria do 18/01/2021
2. Informes
3. Validacións e Recoñecementos
4. Decisións a tomar sobre as visitas técnicas
5. Decisións a tomar sobre a acción de mellora de informes de laboratorio
6. Modificación memoria prácticas empresa
7. Quenda aberta

Asistentes: M.S. Freire, J González, R.A. Guerra, A Mosquera, MC Palacios, MA Sotelo

Excusan a súa asistencia: M Carballa, A Val del Río

O día 18 de febreiro ás 12:00 h por videoconferencia (MS Teams), reúnese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria do 18/01/2021

Apróbase por asentimento a acta da reunión ordinaria da Comisión da Titulación do 18/01/2021.

2. Informes

18/02/2021 Reunión cos alumnos de 2º Curso do grao solicitada polos profesores para identificar os motivos das malas notas do semestre, organizada pola coordinadora de curso.

3. Validacións e recoñecementos

AAR (Curso Ponte)

Estudios: Grao en Enxeñaría Química, USC

Solicita: recoñecemento das prácticas en Empresa pola actividade que se indica.

Actividad profesional	Cr	GrEQ, USC	Cr.	Comentario
Contratos en empresas del sector de la Ingeniería Química		G4021426 Aula profesional, Prácticas en empresas	6,0	Apróbese informar positivamente sobre este recoñecemento.

ATR

O alumno solicita o traslado de expediente dende a Universidade de Oviedo para cursar aquí so o TFG porque se tivo que ir antes por esgotar convocatorias en Termodinámica Aplicada á Enxeñaría Química.

A comisión aproba informar positivamente o recoñecemento da materia Termodinámica Aplicada da U. Oviedo por Termodinámica Aplicada á Enxeñaría química da USC.

4. Decisións a tomar sobre as visitas técnicas

Acción de mellora: Revisar/reorganizar as visitas asignadas no curso 2012-13 ás materias do grao. Farase unha revisión das materias nas que se imparte e de ser o caso proponanse as modificacións pertinentes.

Visitas asignadas no curso 2012-2013.

ANEXO I: ROGRAMA "ORDINARIO" DE VISITAS TÉCNICAS			
Cursos	Semestre	Empresa	Materia(s) asociadas
1º	1º	Foresa (Caldas de Reis)	• Fundamentos
	2º	Estrella de Galicia (A Coruña)	• Análise de procesos
2º	1º	Térmica de Sabón y Sogama	• Termodinámica aplicada
	2º	Alcoa (San Ciprián)	• Transmisión de calor
3º	1º	Bioetanol (Teixeiro)	• Transf. de Materia • Enxeñaría Bloquímica
	2º	Ence – Elnosa (Pontevedra)	• Reactores • Enxeñaría de Procesos
	Outra posible visita	Depuradora de auga	• Tratamento de auga • Enxeñaría Ambiental
4º	1º	Repsol (A Coruña) Pecoface (Arteixo)	• Proxectos e Deseño de Instalacións • Procesos de Química Industrial

Proposta de visitas acordada pola comisión

Curso	Semestre	Empresa	Materia
1º	1	FORESA	Fundamentos de Procesos Químicos
	2	Estrella de Galicia	Análise de procesos
2º	1	ETAP (Santiago)	Transporte de Fluídos Electrotécnica
	2	ENCE	Transmisión de Calor
3º	1	Bioetanol Galicia o no seu defecto Destilerías Compostela	Transferencia de Materia Enxeñaría Bioquímica
	2	SOLOGAS	Ingeniería Ambiental (obligatoria) Gestión y tratamiento de aguas (optativa) Reactores Químicos (obligatoria)
4º		REGANOSA,	Proxectos e deseño de instalacións Procesos de química industrial

Criterios a seguir:

- a. Unha visita por curso e semestre excepto no segundo semestre de cuarto curso
- b. Que teña relación co máximo número de materias posible.

A comisión do grao acorda:

- que as visitas deben incluírse nos programas das materias indicadas.
- que un dos docentes da materia é o responsable de organizala.

5. Decisións a tomar sobre a acción de mellora de informes de laboratorio

- Acción de mellora: Avaliar e implementar accións para mellorar a calidade dos informes de prácticas de laboratorio.
 - o Facer unha reunión cos docentes de prácticas de laboratorio cando estea o POD para definir accións de mellora.

6. Modificación memoria prácticas empresa

- Elaborar enquisa para avaliar a satisfacción do alumnado coas Prácticas en Empresa e engadila á memoria.

Facer unha reunión para ver os contidos con AH (coordinadora de Prácticas en Empresa do GrEQ, MM (anterior coordinador de Prácticas en Empresa), HR (Coordinador do Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos) e JG (antigua coordinadora do Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos).

7. Quenda aberta

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 13:10 h.

En Santiago de Compostela, a 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Anuska Mosquera Corral

Coordinadora do Grao